



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 8 DE FEBREIRO DE 2024

### **PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

### **MEMBROS:**

CARMELA PRIETO CAL  
JESUS ROMERO CARRACELAS  
ISMAEL DURAN BEREIJO  
LUCIA PICOS ANEIROS  
XULIO CRIBEIRO GARCIA  
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ  
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS  
OLGA IGLESIAS BEREIJO  
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE  
MARIA JOSE PERNAS DIAZ  
NOEL LOPEZ LOPEZ  
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

### **SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:02 horas do 8 de febreiro de 2024, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

### **1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

Pola Presidencia informase de que a urxencia deste Pleno é debida a que se estivo esperando por un proxecto do POS, que se contaba que chegase antes, e como tiña que ser informado polos técnicos ao final non deu tempo a celebrar a Comisión Informativa de Plenos. O Sr. Alcalde pide desculpas.

De conformidade co previsto nos artigos 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, sométese a votación ordinaria a ratificación da urxencia da convocatoria, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.



**2. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+2024”**

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 7 de febreiro de 2024, que di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**

**ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+2024”**

A aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2024” da Deputación Provincial da Coruña, foi publicada no BOP núm. 227 de 28 de novembro de 2023.

Consta na plataforma telemática SUBTEL a Circular de novembro de 2023 do Servicio de Xestión de Plans, sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos POS+2024), cunha achega total a este concello de 423.098,49 €.

**Por isto, proponho** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á ”achega provincial 2023”:

A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	238.296,85 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	---
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>238.296,85 €</b>

B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		



Subtotal investimentos achega provincial 2024	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
REHABILITACIÓN EN EDIFICIO PALACETE	149.250,04	0	0	0	149.250,04
CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES EN RÚA SILVA, 26	35.551,60	32.003,52		32.003,52	67.555,12
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	<b>184.801,64</b>	<b>32.003,52</b>		<b>32.003,52</b>	<b>216.805,16</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
<b>Subtotal redución da débeda do concello coa deputación</b>	<b>0</b>

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	238.296,85			238.296,85
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024				
	Achega 2023	184.801,64	32.003,52	0	216.805,16
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO	Achega 2024				



<b>CONCELLO COA DEPUTACIÓN</b>	<b>Achega 2023</b>					
<b>D- TOTAL</b>	<b>Achega 2024</b>	238.296,85	0	0	0	238.296,85
	<b>Achega 2023</b>	184.801,64	32.003,52		32.003,52	216.805,16
	<b>TOTAL</b>	423.098,49	32.003,52		32.003,52	455.102,01

2.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b>  <b>(mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)</b>	<b>(A) Orzamento de contrata</b>	<b>(B) IVE soportado deducible</b> <small>(encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</small>	<b>(C)=A-B Orzamento subvencionable</b> <small>(Diferenza entre a columna A e a B)</small>
MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12	285.679,49	0	285.679,49
<b>TOTAIS</b>	285.679,49		285.679,49

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Con respecto ao tema do Palacete, a Real



Academia Española define Palacete como nome masculino, como unha casa de recreo construída e alxaxada como un palacio, pero máis pequena. Nós si creemos nunha profunda inversión e en subsanar os defectos estruturais que existen na actualidade, pero dende o PP imos un pouco máis lonxe e queremos ser máis ambiciosos en que esta actuación non se quede agora dun modo puntual. Débese acometer máis traballo de mellora do edificio, de modo que o Palacete de Cedeira sexa unha estrutura funcional e estética, de bo gusto para o uso e disfrute dos veciños de Cedeira. Tememos que a actuación do entorno do Palacete, na súa zona ata o día de hoxe axardinada e suprimida polo actual goberno do Bloque e o PSOE, se poida acometer unha actuación que non sexa nefasta. Nós propoñemos que, dende o Concello, se encargue un simple boceto a tres empresas paisaxísticas, como sería a actuación nese entorno. Por parte das mesmas que nos facilitarían como sería o espazo ao redor do edificio, que tipo de árbores, flores e outros elementos formarían parte do conxunto, que tipo de mobiliario se poñería, bancos, pérgolas e outro tipo de mobiliario. Antes de encargar, como nos tememos, un proxecto a unha empresa que nada teña que ver co mundo do paisaxismo. O Palacete é un emblema de Cedeira e como tal debe ser un edificio con zonas axardinadas dunha beleza que chame a atención ós nosos veciños e ós visitantes. Por certo, ante o boceto das ditas tres empresas paisaxísticas, gustaríanos poder velo antes de facer o proxecto de xardinería e non como no día de hoxe, que de todos os temas deste Pleno tivemos coñecemento dos mesmos con menos de vinte e catro horas de antelación. Eu aplicaríaa as verbas de colaboración institucional que predican, pero creemos que non exercen. Brular Gestión é a empresa con radicación na rúa Gran Vía de Madrid. Ese é o proxecto que encarga o actual goberno sobre os viais de Cedeira. Creemos que as parroquias de Cedeira están totalmente abandonadas por parte do goberno de coalición PSOE-BNG. Levan anos e anos sen ningún tipo de mantemento os viais das nosas parroquias, sen un plan específico de conservación e mellora de camiños. En trece actuacións, só vemos que nunha delas, no vial de Calvario a Ribeira, se vai a poder dispoñer dunha capa de rodadura en base a mestura bituminosa en quente. Pregamos ós membros do goberno de Cedeira que esta actuación se leve a cabo en todo o ancho de cada vial, para mellorar a circulación e que poidan transitar dous coches na mesma calzada, sen que ningún dos dous poida ter que dar marcha atrás.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Efectivamente, eu coincido co señor Cribeiro que foi todo moi rápido, moita premura en facer isto porque efectivamente o tempo era curto para todos, para o goberno e para a oposición. Agradezo moito que o señor Cribeiro fale do Bloque ou do PSOE, que non poña nomes, Moreda ou José de Vigo, porque quen fai as cousas son os gobernos e as persoas que o forman, forman parte de gobernos. Agradezo moito que se fale de partidos. Por suposto, o Palacete é algo que nos preocupa a todos. Efectivamente o Palacete é un pazo pequeno que ten unha significación especial. Non hai que irse ó dicionario porque eu creo que o sabemos todos, pero esta ben, esta ben que o diga aquí. Temos un proxecto importante para o Palacete, igual que cada goberno que está en cada momento ten proxectos que facer. O Palacete estivo aí dende hai moitos anos, estivo moi abandonado dende hai moitos anos. O outro día estiven casualmente, cando foi a exposición de Usero -convido a todo o mundo que a visite, porque está moi ben, foi un gran transmisor do patrimonio de Cedeira- estiven nos sotos, no soto do Palacete e alí podíamos montar unha piscina de 50 m<sup>2</sup> en redondo ou cadrado ou con corredores incluídos. E iso, non foi de hai catro anos, nin oito, nin doce, iso ven desde sempre. Hai un proxecto para recuperalo, para rehabilitalo que eu creo que é moi importante. Coincido coa oposición neste caso, que recuperar o Palacete para Cedeira é unha cousa tremendamente importante, por iso nosoutros nos preocupamos de facer ese proxecto. Con respecto ao abandono das parroquias; home, por favor. Descoñezo canto custa porque non me dedico a iso, o metro ou cada cen metros de vial no que di vostede, pero non creo que chegue todo o Orzamento municipal para facer o que vostede pide, por un lado. E, por outro, aquí a responsabilidade non é de hai tres meses, nin é de catro anos, nin cinco, en Cedeira levan moitos anos postos e eses viais son dun tamaño, non se encolleron. Os gobernos de esquerdas non encolleron os viais, xa estaban feitos. En fin, se a miña compañeira que é a



que leva a responsabilidade, co permiso do Alcalde, quere dicir algo? Non? Pois iso é o que teño que dicir.

O Sr. Alcalde di: Primeiro, quero felicitar aos funcionarios do Concello e funcionarias do Concello por facer eses informes, sobre todo, o último proxecto, rapidamente, en tempo e forma e facelos moi claros e concisos. Neste caso ao Arquitecto, Aparellador, Interventora, Secretaria e Montse. Tamén a María por facer este traballo impagable dentro do Inventario de camiños nos termos municipais, é algo que nomeaches, que é moi importante ter os camiños e as estradas municipais en bo estado. Fíxose un traballo moi grande nas parroquias de ver todo o estado e cuantificar en que estado se encontran a maioría das nosas pistas, vendo e elaborando un informe de menos a máis, vendo aquelas posibilidades que temos orzamentarias para facelo. Está claro, que o Inventario de camiños nos marca os anchos dos viais, nosoutros non podemos andar facéndoos máis anchos todo o que queiramos, pero si que é certo que oxalá tivésemos a oportunidade de que todas as pistas quedasen aglomeradas. É dicir, estamos falando de que a pista que vostede comenta, que vai de Calvario a Ribeira son 1 km e 690 m e saen destes 280 e pico mil euros, pois esa pista soa vaise con IVE a máis de cen mil. Pense que o Concello de Cedeira ten moitísimos quilómetros, ten case 200 quilómetros lineais de pistas, co cal é totalmente imposible, non? Nós temos que equilibrar os orzamentos sempre cando facemos este tipo de actuacións. Ao final estivémolas mirando en varios sitios, outras actuacións virán e se seguiran facendo como é AGADER para meter noutro tipo de pistas. Oxalá houbera un Plan Único da Xunta de Galicia, pois se a Deputación nos da 423.000 euros para poder meter en gasto corrente e en investimentos financeiramente sostibles, se no lo dera a Xunta de Galicia, pois igual eran 4 ou 5 millóns de euros e mirade se poderíamos multiplicar as pistas. Creo que as pistas, as estradas da Deputación están bastante ben, a que vai ata San Román, a que vai a Santalla e que vai pola parte de Casal de María. Creo que a Xunta debería mirar un pouquiño máis como nos ten a avenida Castelao porque agora mesmo, dende a curva da Marabilla, necesita un acondicionamento. E dígo de forma totalmente construtiva. En canto a que o rural está abandonado; eu creo que se está traballando máis que nunca no rural coas asociacións, cos escolares, con todas as parroquias, comunicación con todo tipo de actividades, falando con eles polos temas das pistas, establecendo con eles as prioridades, limpeza de ríos que se están facendo dende o Concello cunha asociación e tamén en colaboración coa Xunta de Galicia, con Augas de Galicia. Creo que a parte máis abandonada que hai agora mesmo do noso rural é a Capelada, esa creo que é a parte máis abandonada. É dicir, temos un problema moi grande, un problema que nos está afectando a todos, que sabemos que temos a Capelada consorciada, as pistas están moi abandonadas con contratos que levan sen licitarse anos. Os montes e os pinos están tendo un fungo que está deixando os troncos de color vermello e están morrendo, co cal hai que rarealos e limpalos. Se se limpan e se ventilan e cando realmente os animais poden pasar e seguir estando limpos. Estase, en todo momento, depositando as pólas enriba das cunetas, é algo no que estamos a traballar. Respecto do que dixi do Palacete, estamos todos de acordo, está claro que o Palacete é unha inversión moi grande para sanear todo o que é a parte de abaixo porque é realmente do que vai o proxecto: “*substitución da maior parte do chan do semisoto, que está en contacto co terreo, construíndo unha solera de cáviti coa súa correspondente impermeabilización e protección contra o radón; realización dun drenaxe perimetral, cunha impermeabilización adecuada do muro e unha zanxa drenante circundante, e unha recollida de pluviais de cuberta para evitar que caian libremente ao terreo, dado que na actualidade a cuberta carece de canalóns; substitución parcial do forxado do teito do semisoto que agora mesmo conta cunha estrutura de madeira moi danada* (creo que fai uns anos ata ardera e está apuntalada); e finalmente a reforma dos aseos de ambas plantas, o de planta baixa plantexado como mellora de accesibilidade no edificio.” En canto ó tema do xardín; estamos agora mesmos cunha empresa de Lugo que está traballando co tema do Fondo de Compensación Ambiental para que nos faga unha proposta para que o Concello de Cedeira podamos meter isto nunha subvención, que é unha subvención nosa, non unha subvención que ninguén nos regala, senón unha subvención que nos toca porque nos teñen os 73 aeroxeradores que temos na Capelada e dos 88 mil e



pico euros imos destinar, a maior parte posible, para facer iso. Se imos en plano, como estamos indo ata agora, cando teñamos un boceto diso que queremos facer... O que queremos facer é un xardín para todos os cedeireses e todas as cedeiresas. Queremos facer algo sen formigón, algo que sexa útil, algo que sexa un espazo con bancos, como vostede ben dixo. E, pola miña parte, e creo que pola parte das compañeiras e compañeiros do BNG, non habería ningún problema en ensinárvolo para que todos poidamos opinar, iso está claro, porque iso é de todos e para todos. E oxalá tivéssemos máis diñeiro para adecentalo. Esta é unha primeira fase de chegar a cota cero e, a partir de aí, seguiremos intentando ir cara arriba cada ano que se vaia tendo un pouquiño máis de diñeiro. Non teño máis que dicir.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 3. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 8 de febreiro de 2024, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO:

#### ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

A aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2024” da Deputación Provincial da Coruña, foi publicada no BOP núm. 227 de 28 de novembro de 2023.

Xunto co POS+2024 régúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, xestionado pola Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Deputación Provincial.

Consta na plataforma telemática SUBTEL a Circular do Servicio de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección Servizos Sociais, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, cunha achega a este concello de 68.084,81 €.

Por isto, **propoño** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 68.084,81 €

Dato notificado que figura no seu expediente

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO
GASTO CORRENTE					



	OU PRIVADOS	CONCELLO	2024	CONCELLO	
(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)	
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	35.084,81 €	0,00 €	35.084,81 €	35.084,81 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	9.000,00 €	0,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €	0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			0,00 €		0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b> <b>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</b>	<b>44.084,81 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>44.084,81 €</b>	<b>44.084,81 €</b>	<b>0,00 €</b>

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	15.000,00 €	0,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	9.000,00 €	0,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €	0,00 €





SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	24.000,00 €	0,00 €	24.000,00 €	24.000,00 €	0,00 €
------------------------------	-------------	--------	-------------	-------------	--------

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	68.084,81 €	0,00 €	68.084,81 €	68.084,81 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	44.084,81 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	15.000,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	9.000,00 €
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)</b>	<b>68.084,81 €</b>

Aberto o turno de intervencións, o Sr Alcalde di: Antes de dar a palabra si que me gustaría dicir, nada, dúas frases. Sempre o POS social o que soemos, o que facemos e lle damos, dende a Concellería de Servizos Sociais, dásele ás traballadoras de Servizos Sociais do Concello que son as que elaboran os informes e nos cobren as necesidades, e os importes que van, van baixo os seus informes. Non establecemos nosoutros as cantidades, senón que son elas, en función das necesidades que elas consideran convenientes.

O Sr. Cribreiro García di: Quería facer unha pregunta, se nas bases da convocatoria neste plan da Deputación está agora contemplada a contratación de persoal para o servizo de axuda no fogar.

O Sr. Alcalde di: Non, eu creo que non.

A Sra. Prieto Cal di: Pódome equivocar, eu non quero aquí dicir 100% que si porque pódome equivocar, pero ata onde eu entendín e lin, é para persoal técnico e para persoal administrativo de apoio técnico. Ó final isto liberaría crédito para nos casos puntuais, para acumulación de tarefas nos casos nos que haxa unha necesidade do servizo, por riba da capacidade que temos con medios que hai no Concello, medios humanos.

O Sr. Alcalde di: As bases non o establecen.

A Sra. Prieto Cal di: Efectivamente, isto ó final representa unha contía, ínfima non é a palabra, porque evidentemente todo contribúe a dar un mellor servizo, pero dentro do orzamento para Servizos Sociais que sexa persoal ten unha cantidade de diñeiro asinado moi ampla, pois isto é unha parte. Despois, a xestión doutras cousas que si que poderían ser interesantes que aparecen nas bases terían que ser con recursos propios.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA DO MUNICIPIO DE CEDEIRA**



Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 8 de febreiro de 2024, que di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA DO MUNICIPIO DE CEDEIRA**

**Nº Expediente: 2024/C004/000001**

Este concello necesita levar a cabo a contratación do servizo denominado “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e actualización cartográfico do municipio de Cedeira”, segundo o Prego de prescricións técnicas redactado polo Sr. arquitecto municipal D. Antonio Rodriguez Fabello en xaneiro de 2024, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de **257.188,76 € IVE** incluído.

O Concello de Cedeira conta cun PXOM aprobado pola Comisión Provincial de Urbanismo na sesión do día 25/1/1995 e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de 15/4/1995, o plan foi redactado en cumprimento do RD-Legislativo 1/92 e dos regulamentos que o completan. De xeito trátase dun planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da Lei de Solo Galega (LSG) e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia polo que conforme á Disposición Transitoria 1ª da LSG conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as regras establecidas nesta disposición.

No ano 2008 iniciouse a redacción dun novo PXOM, do que constan documentos en formato dixital, incluso editables, coa base cartográfica actualizada nas súas datas e que inclúen un importante traballo de recompilación da información urbanística e da lexislación sectorial aplicable e un primeiro diagnóstico da situación actual, que simplifican substancialmente as fases iniciais dos traballos obxecto do presente contrato.

O artigo 82 do Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, establece que a documentación gráfica dos instrumentos de ordenación urbanística deberá elaborarse en soporte dixital, utilizando como soporte a Cartografía oficial rexistrada dispoñible en o Instituto de Estudos do Territorio. Cando esta non estea suficientemente actualizada ou detallada para a zona afectada, quen elabore un instrumento de ordenación urbanística deberá elaborar previamente ou simultaneamente a cartografía necesaria de acordo coas normas cartográficas vixentes, e poñela a disposición do Instituto de Estudos do Territorio para os efectos da súa incorporación. na base de datos correspondente.

A redacción anterior iniciouse en base ao voo realizada no ano 2005, e resulta unha cartografía que hoxe quedou obsoleta e non representa a realidade física do municipio. Esta cartografía, que xa conta cun formato dixital, adoece de carencias en canto á distribución. e organización de capas, xeorreferenciación e carece dunha estrutura de datos propia dun sistema de información xeográfica.

Polo tanto, Cedeira conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira do ano 1995 (PXOM) transitoriamente vixente conforme á Disposición Transitoria 1ª da Lei de Solo Galega (LSG) ate a súa



revisión ou adaptación a ela.

O Concello de Cedeira require dotarse dun instrumento de ordenación integral actualizado e adaptado á lexislación vixente, que clasifique o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente e que defina os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio.

Constan no expediente os seguintes documentos: (Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2024/C004/000001)

- 1 Prego de prescricións técnicas de xaneiro de 2024, redactado polo Sr. Arquitecto municipal D. Antonio Rodríguez Fabello, cun orzamento que ascende á cantidade de 257.188,76 € IVE incluído.
- 2 Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía con data 06.02.2024.
- 3 Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 07.02.2024 asinado pola Alcaldía.
- 4 Providencia da Alcaldía de data 07.02.2024 propoñendo o inicio do expediente de contratación do servizo.
- 5 Informe xurídico favorable, de data 08.02.2024.
- 6 Informe de fiscalización favorable, de data 08.02.2024

Por todo o exposto, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para o servizo denominado “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e actualización cartográfico do municipio de Cedeira”.
2. Autorizar, en contía de 257.188,76 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de servizo denominado “Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e actualización cartográfico do municipio de Cedeira” por procedemento aberto e asinado pola Alcaldía con data 06.02.2024.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Primeiro, non me vou a anticipar ó voto do grupo popular, pero creo que vai ser a favor ou polo menos vai estar aí moi próximo. Se é así, eu creo que é un paso moi importante para este Concello que os tres grupos que formamos parte da Corporación municipal fagamos un traballo conxunto nun dos asuntos máis importantes que hai na vida do noso pobo, que é a creación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal. Incluso a lei di que o dereito a toda a veciñanza a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, así o artigo 69 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local di que as Corporacións locais facilitarán a participación de toda a veciñanza na vida local. O que pretendemos con este Plan, é un Plan que sexa aberto, un Plan onde traballamos os grupos, un Plan onde queremos que as Mesas e as Comisións Informativas de Urbanismo sirvan para avanzar. Nosoutros non imos remover o que pasou fai anos e que ó final non se levou a cabo, pero vimos sumando 257.000 euros do Concello dos cales 91.000 nos van a vir de fondos da Xunta de Galicia e é algo moi importante porque vai significar o futuro desenvolvemento socioeconómico deste pobo. Ordenaremos espazos viarios para facilitar as



mobilidades, novas alternativas de solo para actividades económicas, novos solos para equipamentos. So temos que pensar que se este Plan se aproba en catro anos, o cole noso ten cincuenta, xa temos que pensar onde vamos a situar o novo colexio, é dicir, hai moitas cousas que creo que todos debemos de participar. A través do Plan de Igualdade, vai haber unha Mesa de mulleres. A través do Plan de Infancia onde participarán a xuventude para tamén coñecer a súa opinión. O máis importante, que alégrome moitísimo de que se o aprobamos, o aprobamos entre todos, de que traballemos nel e que estea cando se vaia aprobar o voten todos os responsables políticos e esteamos á altura de quen depositou a nosa confianza nas urnas a cada un para sacar este proxecto tan importante para todos. Nada máis.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:35 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ